

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na sesión do día vinte e tres de marzo de dous mil once, aprobou o Calendario Académico 2011-2012, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a vinte e cinco de marzo de dous mil once, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor



Juan J. Casares Long



Calendario escolar curso 2011-2012

1. Titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior

1.1 - O período lectivo do Curso Académico comprenderá dende o 1 de outubro de 2011 ao 30 de setembro de 2012.

1.2.- A actividade académica dos planos de estudos estruturados en créditos non ECTS será:

- *Primeiro cuadrimestre*: dende o 3 de outubro de 2011 ao 26 de xaneiro de 2012
- *Segundo cuadrimestre*: dende o 23 de febreiro de 2012 ao 8 de xuño de 2012

1.3.- As probas de avaliación (inclusive as datas mencionadas) serán:

- 1ª convocatoria ordinaria:
 - *Primeiro cuadrimestre*: entre 30 de xaneiro e o 22 de febreiro de 2012
 - *Segundo cuadrimestre*: entre o 11 ao 30 de xuño de 2012
- 2ª convocatoria ordinaria (setembro): entre os días 3 ao 18 de setembro de 2012.
- Convocatoria extraordinaria de fin de carreira: entre decembro e xaneiro, segundo determinen os centros.

1.4.- A sinatura de actas deberá realizarse nos seguintes períodos:

- 1ª convocatoria ordinaria:
 - Primeiro cuadrimestre*:
 - data límite de sinatura de actas ata o 9 de marzo de 2012.
 - Segundo cuadrimestre*:
 - data límite de sinatura de actas ata o 18 de xullo de 2012.
- 2ª convocatoria ordinaria (setembro):
 - data límite de sinatura de actas ata o 30 de setembro de 2012.
- Convocatoria extraordinaria de fin de carreira: ata quince días despois de finalizado o período de exames determinado polo centro.

1.5.- Os centros poderán acollerse ao calendario académico de Grao e Máster tras o acordo da Xunta de Centro e comunicación á Secretaría Xeral da Universidade e ao Vicerreitorado de Oferta Docente e EEES.

2.- Titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior

2.1 - O curso académico 2011-2012 organizarase en dous semestres académicos e abracará dende o día 1 de setembro de 2011 ao 31 de xullo de 2012.

2.2.- Primeiro semestre: a impartición de docencia iniciárase o día 12 de setembro de 2011 e rematará o 26 de xaneiro de 2012

Segundo semestre: a impartición de docencia iniciárase o día 30 de xaneiro de 2012 e rematará o día 8 de xuño de 2012.

2.3.- Cando estea previsto a realización de probas de avaliación os/as estudantes terán dereito a dúas oportunidades, quedando o calendario de organizado do seguinte xeito:

	Datas das probas de avaliación	Data límite de sinatura de actas
Primeiro semestre	Do 16 de xaneiro ao 28 de xaneiro de 2012.	<i>Venres 10 de febreiro de 2012</i>
Segundo semestre	Do 28 de maio ao 9 de xuño de 2012.	<i>Luns 25 de xuño de 2012</i>
Xullo	Do 2 ao 14 de xullo de 2012.	<i>Luns 30 de xullo de 2012</i>

3.-Cuestións comúns

3.1. As datas para a realización dos exames da convocatoria “de fin de carreira” serán nos meses de decembro e xaneiro nas datas determinadas polos Centros. A data límite de sinatura de actas será o día 30 de xaneiro de 2012, e non poderán transcorrer máis de quince días entre a data de celebración do exame e a sinatura da acta.

3.2.- Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os días os que estea interrompida a actividade académica.

3.3.- A docencia interromperase dende o venres día 23 de decembro de 2011 ata o sábado, día 7 de xaneiro de 2012 (ambos os dous incluídos), o luns día 20 de febreiro e o martes día 21 de febreiro de 2012, e dende o luns día 2 de abril ao sábado día 7 de abril de 2012 (ambos os dous incluídos).

3.4.- Terá carácter festivo o venres día 27 de xaneiro de 2012, por traslado da festividade de Santo Tomé de Aquino.

Así mesmo serán non lectivos os días declarados festivos polo Estado, a Comunidade Autónoma e, en cada Campus, os días das festas locais.

3.5.- En cada Centro terá carácter festivo a data da festa do Centro. Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade dos centros coincidan en martes ou xoves celebraranse o luns ou venres máis próximos e se cadraran en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.

3.6.-Son festividade dos centros as seguintes:

- 4 de outubro (S. Francisco de Asís): Fac. de Veterinaria.
- 18 de outubro (S. Lucas): Fac. de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Medicina).
- 15 de novembro (S. Alberte Magno): Facultades de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química e Ciencias.
- 27 de novembro (S. Xosé de Calasanz): E. U. de Formación do Profesorado.
- 8 de decembro (Inmaculada): Fac. de Farmacia.
- 13 de decembro (Sta. Otilia): E. U. de Óptica e Optometría.
- 23 de xaneiro (S. Raimundo de Peñafort): Fac. de Dereito.
- 9 de febreiro (Sta. Apolonia): Fac. de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Odontoloxía).
- 24 de febreiro (Xoán Huarte de S. Xoán): Fac. de Psicoloxía.
- 8 de marzo (S. Xoán de Deus): E. U. de Enfermería.
- 9 de marzo (natalicio do Padre Sarmiento): Fac. de CC. da Educación.
- 19 de marzo (S. Xosé): Fac. de Ciencias Políticas e Sociais.
- 5 de abril (S. Vicente Ferrer): Fac. de CC. Económicas e Empresariais e Fac. de Administración e Dirección de Empresas.
- 15 abril (natalicio de Leonardo da Vinci): Escola Técnica Superior de Enxeñería.
- 22 de abril (Día da Terra): Escola Politécnica Superior.
- 26 de abril (S. Isidoro de Sevilla): Facultades de Filoloxía, Filosofía, Humanidades e Xeografía e Historia.
- 1 de maio (Día do Traballo): E. U. de Relacións Laborais.
- 3 de maio (Día da Liberdade de Expresión): Fac. de Ciencias da Comunicación.

3.7.- Cada Centro, en función das súas características e/ou circunstancias, poderá facer unha adaptación deste calendario que, en todo caso, terá que ser autorizada pola Secretaría Xeral da Universidade e deberá facerse pública.